




PROGRAMACIÓN GRUPO B abril – xuño 2015

8 de abril: entregamos...



La invención de Morel, de Adolfo Bioy Casares

A inmortalidade e o control da vida, así como o amor e a soidade son os temas desta novela fundacional da literatura de anticipación. Escrita en 1940, o seu protagonista chega a unha illa deserta na que só hai tres construcións: unha capela, unha piscina e un museo, posteriormente atoparase cun grupo de persoas, aparentemente veraneantes, a quen observará de lonxe, evitando ser descuberto.

Comentario: 22 de abril

22 de abril: entregamos...

Día do Libro



La firma de todas las cosas, de Elizabeth Gilbert

Alma Whittaker é filla dun explorador botánico audaz e dunha estripta holandesa de boa familia. Independente e cunha sede de coñecementos insaciable, penétrase no mundo das plantas e da ciencia. Con todo, o home a quen ama camiña no sentido contrario, cara ao mundo do espiritual e o máxico. As súas contrastadas personalidades únense, pese a todo, nun desexo de coñecer como funciona o mundo.

Comentario: 6 de maio

6 de maio: entregamos...



Diarios, de Syra Alonso

Syra Alonso escribe as súas memorias cando o golpe militar de 1936 mata ao seu compañeiro Francisco Miguel, o pintor que tanto a retratara e co que compartira unha axitada vida en París, México ou Cuba. A parella viviu en Oleiros dende 1935 nunha fermosa casa en Santa Cruz á que alcumaron "Casa da felicidade" ou "Casa da dicha".

Comentario: 20 de maio

20 de maio: entregamos...

Día das Letras Galegas



El ruido de las cosas al caer, de Juan Gabriel Vásquez

O ruído das cousas ao caer é a historia dunha amizade frustrada. Pero é tamén unha dobre historia de amor en tempos pouco propicios, e tamén unha radiografía dunha xeración atrapada no medo, unha investigación chea de suspense no pasado dun home e o dun país, Colombia.

Comentario: 3 de xuño (remate da tempada)